

Condenan Mercadona por vulnerar a liberdade sindical



[1]

O xulgado do Social número 3 da Coruña emitiu unha sentenza que condena Mercadona por vulnerar a liberdade sindical dunha afiliada á CIG-Servizos e ordena o cesamento inmediato do seu comportamento contrario a este dereito fundamental. A empresa terá que lle aboar á traballadora os 3.175 euros en concepto dunha prima que lle negou inxustificadamente.

20/12/11.

Os feitos remóntanse ao momento no que esta traballadora participou na lista electoral da CIG-Servizos, candidatura que, por certo, decaeu debido ás renuncias de todos os seus integrantes, salvo a demandante, por mor das ameazas da empresa. Posteriormente, a empregada declarou por escrito, no procedemento arbitral de impugnación das eleccións, a existencia de presións aos candidatos do sindicato nacionalista.

As represalias de Mercadona non tardaron en chegar. Trasladárona da súa sección á peor caixa do centro e modificáronlle os horarios. Ambos feitos foron demandados pola CIG-Servizos noutro procedemento xudicial.

Mais o obxecto do presente caso foi a negativa da empresa de abonarlle en 2010 a prima por obxectivos, gratificación que a traballadora percibira nos exercicios anteriores.

Na entrevista previa á concesión desta prima, Marcos Cabado Burgo, coordinador do seu centro, sito na Avenida de Fisterra, na Coruña, reprochoulle estar “*dañando la imagen de Mercadona*” por ter intervido no laudo arbitral. “*No puedes ir a un juicio –en referencia ao procedemento arbitral- a hablar mal de Mercadona, a hablar mal de mí*”. “*Tú sabes que la CIG está en contra de Mercadona*”. O coordinador, non obstante, recoñece que a empregada traballa ben: “*Incluso el trabajo lo haces mejor que el año anterior, pero vas en contra de Mercadona*”. Todas estas afirmacións, que Cabado Burgo recoñeceu como propias, foron reproducidas no xuízo e consideradas como feitos probados.

O maxistrado conclúe no fallo que a denegación da prima por obxectivos, regulada no artigo 20 do [convenio da empresa](#) [2], veu motivada “exclusivamente polo feito de que a mesma (a traballadora demandante) integrara a lista da CIG ás eleccións”.

Casos coma este poñen de manifesto a grande importancia que teñen as gravacións en preitos relacionados co acoso laboral ou a conculcación do dereito fundamental á liberdade sindical. Esta clase de probas son cruciais para demostrar ante un xuíz as presións, ameazas ou coaccións sufridas, máxime cando non existen testemuñas presenciais ou, habéndoas, non estean dispostas a declarar a verdade.

Adxunto

[Sentenza Mercadona](#) [3]

Tamaño

694.41 KB

Ligazóns:

[1] <http://cigservizos.org/node>

Condenan Mercadona por vulnerar a liberdade sindical

Publicado en Federación de Servicios (<http://cigservizos.org>)

[2] http://cigservizos.org/sites/default/files/acordo_convenio/2010/01/convenio_2010_2013_41588.pdf

[3] http://cigservizos.org/sites/default/files/nova/2011/12/sentenza_mercadona_18336.pdf